



Previsión de actividades do Parlamento de Galicia para este xoves, 25 de abril de 2013

Parlamento de Galicia

19,00 h.- O Parlamento de Galicia acolle a presentación da edición facsimilar de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, coeditada polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega con motivo do 150 aniversario da publicación desta obra.

O acto contará coa intervención da escritora Marina Mayoral, experta na obra de Rosalía de Castro; o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera; e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo.

A presentación celebrarase no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia e poderá seguirse en directo a través da web da institución (www.parlamentodegalicia.es).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.